

**ACTA DA 3ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE MARZO DE 2019 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, REGULACIÓN ARMONIZADA, VARIOS CRITERIOS DE AXJUDICACIÓN, DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRA CON PREVALENCIA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE "RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR", PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REXIONAL (FEDER) MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE (POCS) 2014-2020, ACTUALMENTE INTEGRADO NO PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2014-2020. (Expte. 6494/2018)**

Para dar conta da valoración asignada aos criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor segundo informe técnico emitido ao efecto, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 12:50 horas, do día 21 de marzo de 2019, que de seguido se relacionan:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- D. Luis M. Lozano Lorenzo, Interventor Accidental Municipal
- D. Daniel Orrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo do Arquivo, adscrita ao Departamento de Secretaría.

Asesor desta Mesa, D. Javier Regueira Miguens, Enxeñeiro do Grupo IDOM, consultora adxudicataria do servizo de asesoramento nos Proxectos AESS 2020.

O Presidente comenza a sesión indicando que na anterior sesión procedeuse a apertura da documentación que contén a parte da oferta avaliable a través de criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor e os compoñentes da Mesa unha vez analizada a documentación que as empresas presentaron, por unanimidade, acordou solicitar o preceptivo informe técnico sobre as ofertas presentadas polos licitadores para a avaliación dos criterios de valoración establecidos no PCAP e a emisión do correspondente informe ao técnico asesor da Mesa, Javier Regueiro Miguens Enxeñeiro da consultora IDOM, adxudicataria do servizo de asesoramento nos Proxectos AESS 2020.

O indicado técnico emitiu o informe solicitado, o cal neste intre presenta á Mesa, e procede a dar a coñecer a valoración asignada aos criterios non avaliáveis en cifras ou porcentaxes para esta licitación, co seguinte resultado que explica de xeito pormenorizado, aos membros da Mesa de Contratación:

LICITADOR	PUNTUACIÓN
FERROVIAL SERVICIOS S.A.	40
ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)	36,10
SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.	21,90
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.	36,90

A Mesa mostra a súa conformidade co informe de valoración emitido polo técnico municipal respecto dos criterios non avaliáveis en cifras ou porcentaxes correspondente á licitación e acorda por unanimidade:

1. Asignar aos licitadores as puntuacións establecidas no informe de valoración do técnico municipal de data 21 de marzo de 2019.

A partires deste momento, as 13:05, tal e como se establece no PCAP, o acto pasa a ser de carácter público. Asisten a este acto público os interesados alleos á Mesa de Contratación, que de seguido se relacionan:

- Norma Abalde Paramos (35.572.323V) por SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.
- Juan Sebastián Besada Martínez (77.400.109A) por ELEC NOR
- Carlos Couselo Gende (53.302.992D) por VERDIA, subcontrata de ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)
- Jorge Alberto Pérez Castillo (52.754.006X) por FERROVIAL SERVICIOS S.A.

A Secretaria Municipal explica aos representantes das empresas persoados as puntuacións outorgadas as catro licitadoras que continúan no procedemento nos criterios avaliábles mediante xuízo de valor e as razóns das exclusións das restantes dúas licitadoras.

Seguidamente se procede á apertura dos sobres 3 das empresas que continúan nesta licitación, para cada un dos Lotes conforme ao previsto na cláusula 19 do PCAP, obténdose o seguinte resultado:

EMPRESA	PREZO	AMPLIACION PRAZO GARANTÍA	PROPOSTA DE PLATAFORMA DE XESTION DE LUMINARIAS	MAN DE OBRA ELÉCTRICA
FERROVIAL SERVICIOS S.A.	802.020,95 €	5 anos	Opción 1	320 horas/persoa
ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)	733700,02 €	5 anos	Opción 1	320 horas/persoa
SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONE S ELÉCTRICAS S.A.	861.655,13 €	5 anos	Opción 1	320 horas/persoa
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.	966.237,33 €	5 anos	Opción 1	320 horas/persoa

A partires deste momento, unha vez abertas as ofertas, este acto pasa a non ser de carácter público, abandoando os participantes a Sala.

Calcúlase por parte da Mesa se algunha das ofertas incurre en presunción de anormalidade. Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento dea Lei de Contratos, que establece no seu parágrafo 4 : *“Cuando concurren cuatro o más licitadores, las que sean inferiores en más de 10 unidades porcentuales a la media aritmética de las ofertas presentadas. No obstante, si entre ellas existen ofertas que sean superiores a dicha media en más de 10 unidades porcentuales, se procederá al cálculo de una nueva media sólo con las ofertas que no se encuentren en el supuesto indicado. En todo caso, si el número de las restantes ofertas es inferior a tres, la nueva media se calculará sobre las tres ofertas de menor cuantía” e aplicando o segundo cálculo ningunha delas atópase en presunción de anormalidade polo que se continua coa licitación.*

Seguidamente e ao abeiro das fórmulas establecidas nos pregos de cláusulas administrativas que rexen esta contratación, procédese pola Mesa a facer os cálculos das puntuacións, unha vez comprobado que ningún licitador incurso en presunción de anormalidade coa súa oferta económica, obtense o seguinte resultado:

EMPRESA	PUNTOS PREZO	PUNTOS AMPLIACION PRAZO GARANTÍA	PUNTOS PROPOSTA DE PLATAFORMA DE XESTION DE LUMINARIAS	PUNTOS MAN DE OBRA ELÉCTRICA	PUNTOS TOTAIS SOBRE 3
FERROVIAL SERVICIOS S.A.	20,56	15	16	8	59,56
ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)	21,00	15	16	8	60
SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.	18,08	15	16	8	57,08
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.	3,50	15	16	8	42,50

De seguido, a Mesa procede a realizar a suma dos criterios non avaliados mediante formulas correspondentes ao arquivo electrónico 2 e os criterios avaliados mediante fórmulas correspondentes ao arquivo electrónico 3, e por unanimidade, acorda:

a) Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación previstos nos pregos, as proposicións admitidas neste procedemento aberto, na seguinte orde descendente:

EMPRESA	Puntos Sobre 2	Puntos Sobre 3	TOTAL PUNTOS
FERROVIAL SERVICIOS S.A.	40	59,56	99,56
ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)	60	36,10	96,10
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.	36,90	42,50	79,40
SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.	36,90	57,08	78,98

b) Realizar a proposta de adxudicación do contrato de subministro **“RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR”, PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REXIONAL (FEDER) MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE (POCS) 2014-2020** a favor da empresa **FERROVIAL SERVICIOS S.A.**, por ser a que obtivo a maior puntuación. Antes da adxudicación, o licitador, no prazo máis breve posible e non máis alá de 10 días hábiles desde o envío da comunicación, segundo o establecido na cláusula 21 dos PCAP, deberá aportar:

- A xustificación da solvencia económica e técnica a través dos medios esixidos na cláusula 12 dos PCAP

- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas artº 108 da LCSP. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as trece horas e cuarenta minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)